

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 13 de xullo de 2006 que modifica a do 13 de febreiro de 2001 pola que se crea a Comisión Galega de Bioética.

Mediante Orde do 13 de febreiro de 2001 (DOG nº 45, do 5 de marzo) créase a Comisión Galega de Bioética como órgano colexiado de carácter permanente e consultivo adscrito á División de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

Como consecuencia das modificacións introducidas na estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde polo Decreto 46/2006, do 23 de febreiro (DOG nº 56, do 21 de marzo) e, segundo o disposto no seu artigo 4.5º, a Comisión Galega de Bioética adscríbese á Secretaría Xeral do Sergas.

Estas modificacións fan necesaria a adaptación de diversos preceptos da Orde do 13 de febreiro de 2001 ao Decreto 46/2006, do 23 de febreiro.

Polo tanto, en uso das facultades que me confiren os artigos 34.6º e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1998, do 20 de outubro,

DISPÓÑO:

Artigo único.-Modificar os artigos 1 e 4 da Orde do 13 de febreiro de 2001 pola que se crea a Comisión Galega de Bioética.

1. O artigo 1 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 1º.-Creación e ámbito de actuación.

Créase a Comisión Galega de Bioética como un órgano colexiado de carácter permanente e consultivo, dependente da Consellería de Sanidade, adscrito á Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde.

O seu ámbito de actuación será o da Comunidade Autónoma galega».

2. O artigo 4, no seu inciso primeiro queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 4º.-Presidente.

O presidente da Comisión Galega de Bioética será o secretario xeral do Servizo Galego de Saúde ou persoa en quen delegue».

Disposición derogatoria

Única.-Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2006.

María José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Corrección de erros.-Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, polo que se regula o Programa de vivenda en aluguer.

Advertido un erro no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, polo que se regula o Programa de vivenda en aluguer, publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 57, do 22 de marzo de 2006, procédese a efectuar a seguinte rectificación:

No artigo 6º 1 a) ao final do primeiro parágrafo onde di: «e, de ser o caso, no artigo 45 do real decreto antes referido», debe dicir: «e, de ser o caso, no artigo 43 do real decreto antes referido».

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Orde do 11 de xullo de 2006 pola que se convocan axudas para o desenvolvemento de programas de atención a familias monoparentais.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe no seu artigo 5.3º, como unha das áreas de actuación, os servizos de familia, infancia e mocidade, séndolle atribuídas competencias neste sector á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a través do Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Que, pola súa banda, o artigo 4 da antedita lei, configura os servizos sociais como un sistema integrado de protección social, orientado á prestación programada de atencións e servizos que posibiliten a mellora na calidade de vida e a participación de persoas ou grupos, especialmente daqueles que sofren algún tipo de carencia, marxinación ou desatención selectiva, así como a prevención e eliminación das causas que estean na orixe daquelas situacións

Así mesmo a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia establece, no seu artigo 12 g), como unha actuación preventiva e asistencial o desenvolvemento de programas de axuda a domicilio como medio de atender, desde unha perspectiva integral e normalizadora, as necesidades da familia no seu conxunto ou algún dos seus membros.

Deste xeito, considérase necesario desenvolver programas específicos de apoio a familias monoparentais con fillos e fillas menores ao seu cargo, co obxectivo de favorecer a incorporación ao mundo laboral das persoas responsables destas familias, posibilitándolles a conciliación da vida familiar e laboral, e facilitando aos menores unha atención especializada, tendo en conta ademais que as mulleres representan a maior porcentaxe entre estes proxenitores.

A sinatura entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e a Xunta de Galicia do acordo que establece o Pacto local incidirá directamente na redefinición dos mecanismos para o sostemento da rede de servizos sociais, xa que no Pacto contéplase a creación dun Consorcio Galego de Servizos de Benestar que poderá asumir, no seu momento en xestión conxunta cos concellos, a execución deste programa, pero ata que estea establecido este novo sistema de actuación conxunta faise preciso continuar co sostemento destes programas e así xorde a necesidade da convocatoria desta orde.

Nos orzamentos xerais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o exercicio 2006, existe consignado nas aplicacións orzamentarias 05.20.212A.460.0 e 05.20.212D.481.0 crédito por importe de 200.000 euros en cada unha delas, dirixido a axudas para entidades locais e entidades de iniciativa social, respectivamente. Cos anteditos créditos, que poderán verse incrementados con outras achegas da administración pública para o mesmo fin, financiaranse os programas que se recollen no articulado.

O texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece no seu artigo 78, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, o réxime xeral de concesión de axudas e subvencións con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma, e constitúe a normativa á que, en consecuencia, se adaptará esta orde, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, obxectividade e concorrència, e os demais requisitos exixidos na Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin para o que foron establecidos,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto convocar e aprobar as bases polas que se rexe, en réxime de concorrència competitiva, a concesión das axudas para o financiamento de programas de apoio a familias monoparentais con fillos e fillas menores ao seu cargo.

Artigo 2º.-Entidades destinatarias.

Poderán concorrer a esta orde de axudas as corporacións locais de forma individual ou mancomu-

nadamente, así como as entidades sen ánimo de lucro que presenten un programa de apoio a familias monoparentais, sempre que estean debidamente inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Artigo 3º.-Definición e obxectivos do programa.

O obxecto deste programa é a prestación de apoio ás familias formadas por un único proxenitor con fillos e fillas menores ao seu cargo, mediante o establecemento de programas específicos que teñan como finalidade os seguintes obxectivos:

- Potenciar a autonomía das familias monoparentais, eliminando ou mellorando a súa situación de vulnerabilidade e/ou precariedade.

- Axudar a crianza dos nenos e nenas e favorecer a súa socialización.

- Favorecer a incorporación da persoa responsable da familia ao mundo laboral, posibilitarlle a asistencia a actividades de formación laboral ou formación continua e posibilitar o autoemprego.

- Promover a inserción e permanencia laboral das mulleres soas con responsabilidades familiares e favorecer a súa promoción profesional.

- Facilitar que estes proxenitores sós poidan participar en igualdade de oportunidades e dispoñan de tempo para realizar actividades sociais ou culturais.

- Prever situacións de risco social.

Artigo 4º.-Normas xerais sobre as subvencións.

1. As entidades locais deberán participar no financiamento do programa cun mínimo do 20% do orzamento total do proxecto presentado. Para tales efectos a entidade local presentará certificación acreditativa de que nos seus orzamentos existe partida orzamentaria suficiente para esta finalidade. No caso de que a contía subvencionada resulte inferior ao orzamento presentado, a achega da entidade local poderase reducir en igual proporción.

2. A suma de subvencións outorgadas coa mesma finalidade por todo tipo de organismos públicos ou privados para a execución dos programas que desenvolvan tanto as entidades locais como as entidades de iniciativa social, en ningún caso, poderá superar o 100% do importe total do gasto efectuado.

3. Unha vez notificada a concesión da axuda, as entidades locais disporán dun prazo de 10 días para remitir á Secretaría Xeral da Igualdade a certificación acreditativa da retención no seu orzamento do 20%, ou porcentaxe menor, de ser o caso, da contía total do proxecto presentado.

A non presentación en prazo da devandita documentación suporá a renuncia automática á subvención.

Artigo 5º.-Criterios de baremación das solicitudes.

As solicitudes recibidas serán valoradas seguindo os seguintes criterios:

- Por presentar un programa que inclúa un servizo de atención a fillos e fillas menores: ata 6 puntos.

-Por ter colaborado anteriormente coa Xunta de Galicia no desenvolvemento de programas de apoio a familias monoparentais: ata 6 puntos.

-Pola viabilidade e perspectivas de continuidade do proxecto: ata 4 puntos.

-Por incorporar a perspectiva de xénero nas actuacións que configuren o obxecto do programa presentado: ata 4 puntos.

-Por potenciar a colaboración con outras entidades públicas ou privadas, mediante o traballo en rede co fin de optimizar recursos e esforzos: ata 3 puntos.

-No caso das entidades locais, por participar na financiación do programa presentado nunha porcentaxe superior ao 20% establecido como mínimo: ata 2 puntos.

Artigo 6º.-Documentación.

As solicitudes das axudas presentaranse segundo o modelo oficial que se achega como anexo I a esta orde, e deberán acompañarse dos seguintes documentos:

-Proxecto do programa (anexo II).

-Copia do CIF da entidade solicitante, no caso de que non se trate dunha entidade local.

-No caso de que a solicitante sexa unha entidade local, certificación da existencia nos seus orzamentos de contía suficiente para o cofinanciamento do programa.

-Certificación bancaria na que figure con 20 díxitos a conta na que se desexe percibir, se é o caso, a axuda concedida.

-Unha declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para este mesmo fin, das distintas administracións públicas competentes.

Artigo 7º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

Esta documentación presentarase no rexistro xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou nos rexistros das delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 8º.-Tramitación dos expedientes.

1. A Secretaría Xeral da Igualdade como órgano responsable da tramitación dos expedientes comprobará que os expedientes reúnen todos os requisitos exixidos nesta orde e procederá, en caso contrario, a reclamarlles por escrito aos interesados/as para que emenden a falta ou acompañen os documentos preceptivos para poder completar o expediente, co apercibimento de que se así non se fixese, nun prazo de dez días, terase por desistida da súa petición, de acordo co artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das admi-

nistracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 da dita lei.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

Presidenta: a xefa do Servizo de Infancia e Programas Especiais.

Vogais: dous funcionarias/os da Secretaría Xeral da Igualdade designados pola secretaria xeral da Igualdade.

Actuará como secretaria/o unha/un dos dous funcionarios/as anteriormente mencionados.

3. Revisados os expedientes e completados, se é o caso, remitiranse á comisión de valoración para que, unha vez baremados, dite a proposta de resolución, propoñendo ao órgano competente para a súa resolución a concesión ou denegación das axudas.

Inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, cando no procedemento se teñan en conta feitos, alegacións ou probas distintas das aducidas pola entidade interesada, poráselle de manifesto para que, no prazo de dez días, alegue ou presente os documentos e xustificacións que estime pertinentes, de acordo co disposto no artigo 9.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 9º.-Resolución.

1. Correspóndelle ao vicepresidente da Igualdade e do Benestar, por proposta da comisión de valoración e despois da fiscalización pola Intervención das anteditas propostas, a resolución destas axudas, de conformidade co establecido no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo. A antedita resolución terá lugar no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas.

2. As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da dita resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As entidades de iniciativa social, potestativamente, e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución. Neste caso non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou por desestimación presunta o recurso de reposición.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 10º.-Xustificación e pagamento.

Unha vez ditada a resolución pola que se concede a subvención, procederase á xustificación e pagamento desta na forma que se indica a continuación:

1. Para aquelas axudas que non superen o importe de 6.010,12 euros poderá anticiparse ata un 80% da contía outorgada, mediante a presentación por parte da entidade beneficiaria da correspondente certificación de inicio das actividades.

2. No caso de axudas de contía superior, poderanse facer pagamentos parciais ata completar o 80% da contía total concedida a medida que se presenten as certificacións de gasto expedidas polo órgano competente no caso das entidades locais, ou os xustificantes de gasto debidamente comprobados no caso das entidades de iniciativa social.

3. Para as entidades locais, o 20% restante librase, unha vez presentada certificación expedida polo órgano competente de que foi realizada a actividade e que especifique a cantidade exacta do gasto realizado no programa que, en todo caso, será igual ou superior á axuda concedida máis a achega da entidade local exixida no artigo 4º a) desta orde.

4. As entidades de iniciativa social poderán recibir este 20% despois de presentadas as correspondentes certificacións de gastos realizados, xunto cos xustificantes destes debidamente comprobados.

Consideraranse medios de xustificación válidos no caso das entidades de iniciativa social, as facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico e mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Estes xustificantes deberán presentarse acompañados dunha relación valorada e ordenada cronoloxicamente onde se reflectan todas as facturas ou documentos equivalentes achegados como xustificación.

Coa última certificación ou xustificación do gasto, tanto as entidades locais como as de iniciativa social, deberán achegar a memoria xustificativa da execución do programa e a memoria financeira deste de acordo cos modelos que figuran como anexos III e IV, respectivamente.

Ademais deberán presentar unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas e concedidas, como as pendentes de resolución, para este mesmo programa, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Artigo 11º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

As entidades beneficiarias das axudas obríganse a:

a) Coordinarse cos servizos técnicos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

b) Observar o disposto no artigo 78.4º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, exceptuando o recollido no seu punto c).

c) Facilitar a inspección e control dos órganos competentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar respecto do programa subvencionado.

d) Remitir os informes e demais documentación que reclamen os órganos competentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 12º.-Reintegro.

O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas na presente orde ou a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 78.10º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, constituirá causa determinante da revogación da axuda e do seu reintegro pola entidade beneficiaria ou solicitante, xunto cos xuros de demora.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión das axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado nos orzamentos xerais para este fin. En todo caso as actuacións que se subvencionan deberán realizarse dentro do exercicio económico de 2006.

Segunda.-Sen prexuízo do disposto no título sexto da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, as entidades beneficiarias destas axudas quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no artigo 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a secretaria xeral da Igualdade para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2006.

Anxo Manuel Quintana González

Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR

PROCEDEMENTO PROGRAMA DE APOIO A FAMILIAS MONOPARENTAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VP422A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

ENTIDADE SOLICITANTE		CIF	
Nº REXISTRO DA ENTIDADE	ENDEREZO	TELÉFONO	
PERSOA DE CONTACTO	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO PROGRAMA

Duración (data de inicio e de fin)	_____
Orzamento solicitado	_____
No caso de entidades locais, achega da corporación	_____
Orzamento total do programa	_____
Nº familias a atender no ano 2006 (previsión)	_____

CÓDIGO DA CONTA BANCARIA

BANCO	OFICINA	DC	CONTA

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 11 de xullo de 2006 pola que se convocan axudas para o desenvolvemento de programas de atención a familias monoparentais.</i>
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE SOLICITANTE de de 2006

(A cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Secretaría Xeral da Igualdade

*ANEXO II***PROXECTO DO PROGRAMA DE APOIO A FAMILIAS MONOPARENTAIS****COMUNIDADE AUTÓNOMA:** _____**PROVINCIA:** _____**LOCALIDAD/ES nas que se desenvolve o programa:** __________

(No caso de tratarse de mancomunidades, especificar os concellos que se integran nelas)

1.- DENOMINACIÓN DO PROXECTO *

- ☐ A.- PROXECTO DE CONTINUIDADE
☐ B.- PROXECTO NOVO

2.- CARACTERÍSTICAS DA ZONA NA QUE SE VAI A DESENVOLVER O PROXECTO ***2.1.- DESCRICIÓN DA ZONA**

- ☐ BARRIO SUBURBIAL DE CIDADE DE MÁIS DE 1.000.000 DE HABITANTES
☐ BARRIO SUBURBIAL DE CIDADE DE ENTRE 100.000 E 1.000.000 DE HABITANTES
☐ POBOACIÓN DE ENTRE 25.000 E 100.000 HABITANTES
☐ ZONA RURAL (MENOS DE 25.000 HABITANTES)

2.2.- RECURSOS SOCIAIS

- ☐ CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS
☐ PRESTACIÓN DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN
☐ PRESTACIÓN DE APOIO Á UNIDADE CONVIVENCIAL
☐ PRESTACIÓN DE ALOXAMENTO ALTERNATIVO
☐ ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS DE PREVENCIÓN E INSERCIÓN
☐ AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUALIZADAS

2.3.- OUTROS MÁIS ESPECÍFICOS (DESCRIBIR)_____

_____**3.- PRINCIPAIS INDICADORES DO RISCO SOCIAL DA ZONA QUE SE TEÑEN EN CONTA NA ELABORACIÓN DO PROYECTO**

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____
6. _____
7. _____

4.- OBXECTIVOS DO PROXECTO (ENUNCIAR E FUNDAMENTAR)

5.- METODOLOXÍA DE TRABALLO

6.- METODOLOXÍA DE AVALIACIÓN DO PROXECTO

7.- CARACTERÍSTICAS DO COLECTIVO DE FAMILIAS ÁS QUE SE DIRIXE O PROXECTO

8.- PREVISIÓN DO NÚMERO DE POSIBLES FAMILIAS BENEFICIARIAS (Indicarase o número de unidades familiares, non o de menores atendidos).

9.- BREVE DESCRICIÓN DA INTERVENCIÓN QUE SE VAI REALIZAR

10.- PERSOAL QUE TRABALLA (OU VAI TRABALLAR) NO PROXECTO

<i>POSTO QUE DESEMPEÑA</i>	<i>TITULACIÓN</i>	<i>TIPO DE CONTRATO *</i>	<i>HORARIO</i>
1. _____	_____	_____	_____
2. _____	_____	_____	_____
3. _____	_____	_____	_____
4. _____	_____	_____	_____
5. _____	_____	_____	_____
6. _____	_____	_____	_____
7. _____	_____	_____	_____
8. _____	_____	_____	_____
9. _____	_____	_____	_____
10. _____	_____	_____	_____

NOTA: Incluir tamén persoal de servizos (cocina, limpeza, mantemento, seguridade ...)

* No tipo de contrato consignar só se é fixo ou temporal.

11.- SINALAR A COORDINACIÓN EXISTENTE CON OUTROS RECURSOS SOCIAIS DA ZONA **

☐	1.- SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN PRIMARIA
☐	2.- RECURSOS DE FORMACIÓN E INSERCIÓN LABORAL
☐	3.- CENTROS ESCOLARES
☐	4.- CENTROS DE SAÚDE
☐	5.- PROGRAMAS COMUNITARIOS
☐	6.- OUTROS (ESPECIFICAR) _____
☐	_____
☐	_____

12.- ORZAMENTO DO PROXECTO

TOTAL GASTOS CORRENTES	_____
DE PERSOAL	_____
DE MANTEMENTO	_____
DE ACTIVIDADES	_____
DIETAS	_____
OUTROS	_____
CUSTO TOTAL DO PROXECTO	_____

13.- OUTROS DATOS DE INTERESE

** SINÁLESE SÓ O QUE PROCEDA

Responsable técnico

Vº Bº Representante da entidade

Asdo.:

Asdo.:

*ANEXO III***MEMORIA TÉCNICA DO PROXECTO REALIZADO****1.- DATOS DE SITUACIÓN DO PROXECTO**

COMUNIDADE AUTÓNOMA	PROVINCIA
LOCALIDADE/S	

2.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO

NOME DO PROXECTO	
TIPO DE PROXECTO *	
☐ A.- PROXECTO DE INTERVENCIÓN INTEGRAL NOS NÚCLEOS FAMILIARES	☐ B.- PROXECTO DE ATENCIÓN A MENORES EN HORARIO EXTRAESCOLAR
☐ C.- OUTROS	ESPECIFICAR OUTROS:

3.- DATOS SOBRE O CONTIDO DO PROXECTO**NÚMERO DE FAMILIAS PARTICIPANTES:**

	NÚMERO
FAMILIAS	_____
MENORES	_____

OBXECTIVOS CONSEGUIDOS CO PROXECTO:

OBXECTIVO Nº 1

OBXECTIVO Nº 2

OBXECTIVO Nº 3

OBXECTIVO Nº 4

OBXECTIVO Nº 5

METODOLOXÍA SEGUIDA:**DIFICULTADES NA REALIZACIÓN DO PROXECTO:****PROPOSTAS DE MELLORA DO PROGRAMA:**